

PONTEAREAS**E D I T O**

Non téndose presentado reclamacións a aprobación provisional dos seguinte expedientes:

- Ordenanza reguladora dos centros de Estancias diurnas do Concello de Ponteareas
- Ordenanza reguladora da Residencia Santa Ana
- Regulamento de Réximen Interno de Centro de Estancia Diurna do Concello de Ponteareas
- Regulamento de Réximen interno da Residencia Santa Ana

Quedan aprobadas definitivamente, cujos textos íntegros son os seguintes, para os efectos da súa entrada en vigor unha vez transcorrido o prazo de quince días ó que se refire o art. 65.2, da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

**ORDENANZA REGULADORA DOS CENTROS
DE ESTANCIAS DIURNAS DO CONCELLO
DE PONTEAREAS**

*ARTIGO 1.—FINALIDADE E AMBITO
DE APLICACIÓN*

A presente Ordenanza ten por finalidade regular o Centro de Estancias Diurnas existente e os que nun futuro poidan existir no termo municipal de Ponteareas e que sexan de titularidade municipal.

*ARTIGO 2.—DEFINICIÓN E OBXECTO
DA PRESTACIÓN*

Os Centros de Estancias Diurnas (S.E.D) son servizos de carácter de apoio familiar e sociosanitarios que ofrecen durante o día atención ás necesidades persoais básicas, terapéuticas e socioculturais de persoas maiores afectadas por diferentes graos de dependencia, promovendo a súa autonomía e a permanencia no seu entorno habitual de vida, que se presta en establecementos de réxime aberto e teñen como obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas maiores dependentes e da súa familia cuidadora, facilitando a continuidade nos seus modos de vida e o logro dun maior nivel de autonomía.

ARTIGO 3.—FINS

1. Recuperar e/o manter o máximo grao de autonomía persoal que permitan as súas potencialidades.
2. Previr o incremento da dependencia mediante intervencións rehabilitadoras e terapéuticas.
3. Ofrecer un marco adecuado onde poidan desenvolver relacións e actividades sociais gratificantes.
4. Evitar institucionalizacións innecesarias e non desexadas.

5. Facilita-la permanencia das persoas dependentes no seu entorno habitual.
6. Mellorar ou manter o nivel de saúde dos usuarios a través do control e seguimento de súas enfermidades e deterioros.
7. Facilita-la realización das actividades básicas da súa vida cotiá, ofrecéndolles as axudas necesarias.
8. Ofrecer apoio social asistencial ás familias que manteñan no seu medio ás persoas maiores discapacitadas.
9. Previr os conflitos que se producen no seu entorno familiar ó intentar compaxinar a permanencia da persoa maior no seu domicilio cos actuais modos e espazos vitais.
10. Dotar ós familiares das habilidades necesarias para a realización das tarefas do coidado.

ARTIGO 4.—SERVIZOS E PRESTACIÓNS

1. Atención Social
2. Atención Sanitaria
3. Servizo de Alimentación e Nutrición
4. Ximnasia de Mantemento e Fisioterapia
5. Servizo de Hixiene Persoal
6. Peluquería
7. Podoloxía
8. Lavandería
9. Atención Psicolóxica
10. Terapia Ocupacional/ Animación sociocultural
11. Servizo de Apoio e Intervención coas Familias
12. Servizo de Transporte
13. Outros servizos que nun futuro se poidan establecer

*ART. 5.—ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN
DE USUARIO/A*

1. Condicións de Admisión:

Poderán ser usuarios/as do servizo dos Centros de Estancias Diurnas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de 60 anos
- Estar empadroado no Municipio, comarca ou sur de Pontevedra.
- Ter reducida a autonomía para as actividades da vida diaria e/ou carencias na situación socio-familiar.
- Non padecer enfermidade en estado terminal, ou que requira atención continuada en centro hospitalario.
- Non padecer enfermidade mental ou trastornos de conducta que poidan alterar a convivencia do centro.

- Non padecer demencias seniles graves que precisen atención en psioxeriatricos ou residencias de asistidos ou centros especializados de Alzheimer.
- Non atoparse postrado en cama de forma habitual.
- Non ser preceptor/a do SAF municipal.
- Reunir as condicións do baremo que figura no Anexo I da presente Ordenanza

2. Documentación:

Xunto á solicitude, que se formalizará en modelo normalizado, o/a interesado/a aportará a documentación que a continuación se relaciona:

- Certificado de Empadramento e volante de convivencia por padrón.
- Fotocopia do DNI do solicitante e do representante, no seu caso
- Fotocopia da Tarxeta Sanitaria
- Informe médico actualizado (modelo Familias cuidadoras).
- Xustificante de ingresos económicos da Unidade Convivencial e declaración da Renda. Se están exentos, a certificación negativa da Renda.

3. Verificación de Datos Documentais:

A Concellería de Servizos Sociais do Concello de Pontearreas poderá dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos aportados polos/as interesados/as. Igualmente, poderá reclamar as aclaracións por escrito e a documentación necesaria co fin de garantir a correcta cumplimentación do expediente.

ARTIGO 6.—FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- a. As solicitudes da prestación poderanse presentar no Rexistro Xeral do Concello, en calquera das oficinas municipais de servizos sociais ou calquer dos lugares ós que se refire a lexislación vixente en materia de procedemento.

Ditas solicitudes presentaranse no modelo normalizado que a tal fin facilitará a Administración, ó que haberá de acompañarse a documentación que no mesmo se indica e que se especifica no art. 5º, apdo 2º, do presente artigo.

- b. Prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante tódolos meses do ano.
- c. No suposto de que algún expediente non reunira a documentación requirida, dende esta Administración, requirirase ó solicitante a efectos de que proceda a subsanar as anomalías e/ou carencias detectadas, nun prazo máximo de quince días dende a súa recepción, en virtude do establecido no art.71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 7.—RESOLUCIÓN

- a. A resolución do expediente corresponderá ó Xunta de Baremación.
- b. Prazo máximo para resolver os expedientes de solicitude de prestación, será de seis meses a contar dende o día seguinte á data de presentación da mesma.

Transcorrido dito prazo sen que se lle notificara resolución expresa, entenderanse desestimadas por silencio administrativo.

- c. Contra a resolución dictada, poderanse interpoñer os recursos pertinentes conforme á Lei ante os Servizos Sociais..

ARTIGO 8. INGRESO NO CENTRO DE ESTANCIAS DIURNAS

- a. Adoptado o acordo de adxudicación de plaza, na notificación do acordo indicárase, ademais, a obriga do/a adxudicatario/a de presentarse no centro o día e hora que se indique polo/a responsable do centro, para entrevista. Neste acto revisarase os documentos e circunstancias que motivaron a adxudicación da praza e por conseguinte, que se reúnen os requisitos establecidos. Se transcorridos quince días dende a notificación, o/a adxudicatario/a, o/a seu/súa representante, non se presentara, considerárase desestimada a solicitude e procederase o arquivo definitivo do expediente.

Se despois de realizada a entrevista confírmase que o/a adxudicatario/a mantén as condicións que motivaron a adxudicación de praza, éste/a deberá ingresar no centro na data establecida. A partires do ingreso, establécese nun mes o tempo máximo para a adaptación do/a usuario/a ó servizo, que entenderase como período de proba.

- b. A incorporación ó Centro de Estancias Diurnas virá determinada pola existencia de prazas vacantes no momento en que se produza a resolución polo órgano competente. No caso contrario, a adxudicación efectiva de praza realizarase a traveso da Lista de Espera, en atención á puntuación obtida na aplicación do baremo, e seguindo o procedemento de entrevista establecido para a incorporación que se detalla no párrafo anterior deste artigo. Cando as puntuacións de varios/as usuarios/as fosen iguais, atenderase ó criterio de antigüidade na lista de espera, de tal maneira que terá prioridade aqueles/as usuarios/as que máis tempo permaneceran nesta situación.

ARTIGO 9.—PÉRDIDA DA CONDICIÓN DE USUARIO/A

Perderase a condición de usuario/a do Centro de Estancias Diurnas cando concurra algunha das seguintes circunstancias:

1. Por vontade ou renuncia do interesado/a.
2. Por falecemento
3. Por deixar de reunir os requisitos esixidos
4. Pola acumulación de máis de 4 ausencias nun mes e que éstas non foran comunicadas nin xustificadas.
5. Por non superar o período de adaptación a que fai referencia o arg. 8 da presente Ordenanza.
6. Por incumprimento grave e reiterado das normas de funcionamento do Centro.
7. Por deterioro no estado físico-psíquico que supoña unha variación importante das circunstancias que motivaron o ingreso

ARTIGO 10.—SUSPENSIÓN DA PRESTACIÓN

A estancia no Centro de Estancias Diurnas quedará suspendida, con reserva de plaza, cando se produza ingreso hospitalario ou enfermidade que supoña unha ausencia no servizo e sempre que esta situación non supere o período dun mes, ou por outras causas debidamente xustificadas pola Comisión de Baremación.

Superado este tempo, e sempre que non transcurra máis de tres meses dende que quedou suspendido efectivamente o servizo, se o usuario desexara o seu reingreso ó Centro, deberá aportar novo informe médico para o seu estudo. Se continua reunindo os requisitos para a súa admisión, procederase o seu reingreso. De non existir prazas libres incluírase en lista de espera con dereito prioritario respecto das outras solicitudes.

No obstante o anterior, os prazos indicados e o procedemento establecido para a reserva de praza, poderá ser modificado en función do índice de ocupación efectiva que en cada momento presente o Centro de Estancias Diurnas.

ARTIGO 11.—DEREITOS DOS/AS USUARIOS/AS

1. Dereito a seren tratados con respecto por parte do persoal e dos/as demais usuarios/as.
2. Dereito a recibiren e disfrutar adecuadamente os servizos do que dispon o centro, nas condicións que determine a súa situación persoal
3. Dereito a realizar suxestións ós responsables respecto do funcionamento do centro.
4. Dereitos según a Lei orgánica 15/1999 de carácter persoal.

ARTIGO 12.—DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS

1. Respetar e cumprir as normas de funcionamento do Centro de Estancias Diurnas, respectando ó persoal do mesmo e ós/ás demais usuarios/as.
2. Acudir ó centro debidamente aseado.
3. Utilizar correctamente as instalacións.

4. Colaborar na programación establecida polos profesionais do servizo, tanto no programa individual de atención, como nos programas xerais.
5. Aboar en tempo e forma a cuota establecida.
6. Cumprir os horarios que se establecen para o correcto funcionamento do centro.
7. Aceptar, previo ó ingreso, o compromiso de admisión no Centro de Estancias Diurnas, segundo modelo que figura no Anexo II da presente Ordenanza.
8. Aboar as cuotas que, no seu caso, poideran derivarse da aplicación do Precio Público.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Ós efectos previstos na presente Ordenanza no cómputo de rendas e/ou ingresos, deberán entenderse como tais aqueles que comprendan tódolos recursos de que dispón a persoa, como salarios, pensións, prestacións, subsidios, rendas provintes de bens mobles ou inmobles ou calesqueira outros.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de quince días ou 20 a que se refire o art.65.2 LBRL, previa publicación no “Boletín Oficial da Provincia”.

ANEXO I

BAREMO DE AVALIACIÓN PARA A ADMISION DE USUARIOS/AS NO SERVIZO DE ESTANCIAS DIURNAS DO CONCELLO PARA PERSOAS MAIORES

1. SITUACIÓN DE AUTONOMIA PERSOAL (PUNTUACIÓN MÁXIMA 50 PUNTOS).

Para valorar o grao de autonomía persoal analizaranse os 10 ítems seguintes, valorando cada un ata un máximo de CINCO puntos conforme ós niveis que se indican:

- 1.1. Autonomía física. (Puntuación máxima 35 puntos):
 - 1.1.1. MOVILIDADE
 - 1.1.2. VESTIDO
 - 1.1.3. ALIMENTACIÓN
 - 1.1.4. ASEO (non inclúe baño/ducha)
 - 1.1.5. BAÑO/DUCHA
 - 1.1.6. CONTINENCIA DE ESFÍNTERES
 - 1.1.7. CAPACIDADE PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE LLE PERMITAN DES-ENVOLVERSE NO SEU MEDIO.
- 1.2. Autonomía Psíquica, (puntuación máxima 15 puntos):
 - 1.2.1. MEMORIA E ORIENTACION TEMPO-ESPACIAL.
 - 1.2.2. TRASTORNOS AFECTIVOS.
 - 1.2.3. PERCEPCIÓN, PENSAMENTO E COMUNICACIÓN.

NIVEL PUNTUACIÓN

- I. Completa dependencia: 5
 - II. Limitacións severas: necesita axuda de outra persoa: 4
 - III. Limitacións moderadas: necesita certos apoios: 3
 - IV. Limitacións lixeiras: realízao só, aínda que necesita supervisión: 2
 - V. Autonomía completa: 0
2. *SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (PUNTUACIÓN MÁXIMA 50 PUNTOS)*

Valorarase coa puntuación do ítem que máis fidedignamente reflicte a situación na que se atope a persoa solicitante.

*NIVEL SITUACIÓN PUNTUACIÓN***I**

- Vive só, precisa axuda para a satisfacción de necesidades primarias e carece de apoio: 50
- Vive só ou con familiares cerca, precisando axuda para a satisfacción de necesidades primarias, a atención que recibe é totalmente insuficiente e é prestada por persoas alleas ó entorno familiar: 48
- Vive só ou con familiares cerca, precisa axuda para a satisfacción de necesidades primarias e recibe moi escasa atención dos mesmos: 46
- Vive acompañado, precisa axuda para a satisfacción de necesidades primarias e non recibe o apoio suficiente pola existencia de conflictividade familiar derivada da convivencia coa persoa maior: 40

II

- Necesita axuda pola falta de autonomía persoal, vive só e non recibe atención suficiente para o desenvolvemento dunha vida independente: 38
- Necesita axuda por falta de autonomía persoal, vive só, con familiares cerca e non recibe suficiente atención por causas alleas á vontade familiar (incapacidade do coidador principal, actividade laboral dos mesmos, etc.): 36
- Necesita axuda por falta de autonomía persoal, convive con familiares que non poden prestarlles a atención que necesitan por causas alleas á súa vontade (incapacidade do coidador principal, actividade laboral dos mesmos, sobrecarga, etc.): 34
- Necesita axuda por falta de autonomía persoal, convive con familiares ou outras persoas e non recibe a atención necesaria por malas relacións familiares: 32

- Necesita axuda por falta de autonomía persoal, convive con familiares ou outras persoas e non recibe a atención necesaria por malas relacións familiares derivadas da convivencia coa persoa maior: 30

III

- Precisa algunha axuda para a realización das actividades da vida diaria (AVD), vive só, e non recibe apoio de terceiros: 28
- Precisa algunha axuda para a realización das AVD, vive só ou con familiares cerca, e recibe escaso apoio: 26
- Precisa algunha axuda para a realización das AVD, convivindo con familiares que prestan un apoio limitado debido a problemas alleos á vontade familiar (actividade laboral, enfermidade ou discapacidade dos/as coidadores/as...): 24
- Precisa algunha axuda para a realización das AVD, convivindo con familiares ou outras persoas que prestan pouco apoio por situacións de conflito familiar: 22

IV

- Precisa supervisión na realización das AVD, vive só e non recibe ningún apoio de terceiros: 18
- Precisa supervisión na realización das AVD, vive só pero con familiares cerca, que non poden prestarlle a axuda que necesita por causas alleas á vontade familiar (incapacidade do coidador principal, etc.): 16
- Precisa supervisión na realización das AVD, vive con familiares, que poden prestarlle pouca axuda por causas alleas á vontade familiar (incapacidade do coidador principal, etc.): 14
- Precisa supervisión na realización das AVD, convivindo con familiares que lle axudan mínimamente por circunstancias familiares de conflito: 12
- Precisa supervisión na realización das AVD, convive con familiares que lles prestan pouca axuda por problemas familiares de realización derivados da convivencia coa persoa maior: 10

V

- Aínda que presenta algún problema de autonomía persoal, que lle dificulta o desenvolvemento no seu medio, atópase atendido suficiente: 2
- Presenta certas limitacións na súa autonomía que non producen necesidades de dependencia de terceiros: 2
- Non precisa axuda para levar unha vida autónoma, e atópase suficientemente atendido: 0

3. SITUACIÓN ECONOMICA (PUNTUACIÓN MÁXIMA 20 PUNTOS)

Puntuarase cada solicitude segundo nivel de ingresos do solicitante, tendo en conta que cando exista unha relación de parella (matrimonios ou similares) e se non se teña realizado separación de bens, computaranse os ingresos de ámbolos dous e dividiranse por dous, puntuándose ó solicitante sobre esa cantidade resultante, e según a táboa seguinte:

INTERVALO PUNTUACIÓN

- 1 Inferior ó 40% do Salario Mínimo Interprofesional: 20
- 2 Entre o 40% e o 60% do S.M.I.: 15
- 3 Entre o 60% e o 80% do S.M.I.: 10
- 4 Entre o 80% e o 100% do S.M.I.: 5
- 5 Entre o 100% e o 120% do S.M.I.: 0
- 6 Entre o 120% e o 140% do S.M.I.: -5
- 7 Entre o 140% e o 160% do S.M.I.: -10
- 8 Entre o 160% e o 180% do S.M.I.: -15
- 9 Superior ó 180% do S.M.I.: -20

4. OUTROS FACTORES (PUNTUACIÓN MÁXIMA 25 PUNTOS)

Neste apartado, que non é de necesaria aplicación, teranse en conta, se procede, outras situacións non reflectidas suficientemente en apartados anteriores.

Entre as situacións contempladas, cun máximo de 5 puntos por apartado, e a modo de exemplo, poden considerarse as seguintes:

- Necesidade absoluta de descanso temporal dos coidadores. Situación de emerxencia ou especial como mínimo dun mes e máximo de tres. (Neste caso poderíase conceder o aceso temporal ó servizo): 5 puntos
- Situacións especiais da vivenda que dificulten a súa habilidade polo interesado: 5 puntos
- Circunstancias especiais do interesado non valoradas anteriormente: 5 puntos
- Circunstancias especiais familiares non valoradas anteriormente: 5 puntos
- Especial dispoñibilidade da familia ou usuario para o traslado e recollida do CED. 5 puntos

APLICACIÓN DO BAREMO

Para poder beneficiarse do Servizo de Estancias Diurnas que se solicita, a persoa deberá alcanzar un mínimo de 40 puntos, sen que a puntuación do apartado 1 (autonomía personal) poida ser 0.

Así mesmo non deberá supera-los 30 puntos na suma dos apartados relativos á autonomía física

(1.1.), nin os 12 puntos na suma dos apartados relativos á autonomía psíquica (1.2.).

ANEXO II COMPROMISO DE ADMISIÓN

En Ponteareas a de

DUNHA PARTE:

D/D^a con DNI en calidade de
como

coordinador/a del Centro de ESTANCIAS DIURNAS situado en R/

DOUTRA PARTE:

D/D^a con DNI en
calidade de solicitante de praza en C.E.D.

DOUTRA PARTE:

D/D^a con DNI

Domiciliado en R/ de

Provincia de quen actúa en calidade de (Representante legal)

ou únelle a relación de (parentesco) co usuario.

COMPROMÉTENSE A:

Coñecer e aceptar o contido e alcance do regulamento de réxime interior que rixe o centro de estancias diurnas do que se lle fai entrega, onde quedan recollidos todo-los dereitos e obrigacións do usuario.

— O USUARIO: EL/LA COORDINADOR/A DO C.E.D.—O RESPONSABLE.—Asdo: Asdo: Asdo.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO DE ESTANCIAS DIURNAS "SANTA ANA" DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ARTIGO 1.—OBXETO

É obxecto do presente Regulamento regular o réxime e funcionamento interno do Centro de Estancias Diurnas "Santa Ana" de Ponteareas. O Centro de Estancias Diurnas é de titularidade municipal, sen menoscabo de que a xestión do mesmo poda ser levada a cabo por aquela entidade xestora que o Concello designe mediante concurso público, nas condicións que a estos efectos se establezan.

ARTIGO 2.—CONCEPTO

Os Servizos de Estancias Diurnas (S.E.D.) son servizos de carácter socio-sanitarios e de apoio familiar que ofrecen durante o día atención ás necesidades persoais básicas, terapéuticas e socioculturais de persoas maiores afectadas por diferentes grados de dependencia, promovendo a súa autonomía e a permanencia no seu entorno habitual de vida.

ARTIGO 3.—OBXECTIVO

Favorecer unhas condicións de vida dignas entre as persoas maiores dependentes, facilitando a continuidade nos seus modos de vida e o logro dun maior nivel de autonomía.

ARTIGO 4.—FINS

- Recuperar e/ou manter o máximo grado de autonomía persoal que permitan as súas potencialidades.
- Previr o incremento da dependencia mediante intervencións rehabilitadoras e terapéuticas.
- Ofrecer un marco adecuado onde poda desenvolver relacións e actividades sociais gratificantes.
- Evitar institucionalizacións innecesarias e non desexadas.
- Facilitar a permanencia das persoas dependentes no seu entorno habitual.
- Mellorar ou manter o nivel de saúde dos usuarios a traveso do control e seguimento das súas enfermidades e deterioros.
- Facilita-la realización das actividades básicas da súa vida cotiá, ofrecéndolles as axudas necesarias.
- Ofrecer apoio social asistencial ás familias que realizan o esforzo de manter no seu medio ás persoas maiores discapacitadas.
- Previr os conflitos que se producen no entorno familiar ó intentar compaxinar a permanencia do/a ancián/a no domicilio cos actuaies modos e espazos vitais.
- Dotar ós familiares das habilidades necesarias para a realización das tarefas de coidado.

ARTIGO 5.—SERVIZOS E PRESTACIÓNS**1. Atención Sanitaria**

A atención sanitaria baséase en proporcionar asistencia integral ás múltiples patoloxías que se presenten, establecer revisións médicas periódicas, proporcionar un racional uso de medicamentos e combater a tendencia á incapacitación progresiva.

2. Servizo de Alimentación e Nutrición

As actuacións deste Servizo serán proporcionar desaiuno, comida e merienda elaborando detas especiais, control dietético e calórico dos alimentos, supervisión de aspectos relacionados coa hixiene e manipulación dos alimentos; consello e información nutricional ós/ás usuarios/as e familiares para continuar o tipo de deta no domicilio, entre outras.

3. Ximnasia de Mantemento e Fisioterapia

É un programa que, por medio da actividade física controlada, pretende disminuir o deterioro funcional que se vai producindo coa idade, proporcionando ós/ás usuarios/as do Centro de Estancias Diurnas cambios favorables no estado emocional e

de relación, aumentando con isto os seus niveis de autonomía e independencia persoal.

Este servizo será programado, dirixido e controlado polo fisioterapeuta, que deseñará a actividade terapéutica en función do estado físico, o estado mental e a colaboración do paciente, sendo sempre exercicios tranquilos, persoalizados e progresivos e a realizar en sesións curtas en función das condicións xerais do/a usuario/a.

4. Servizo de Hixiene Persoal

Incide nos hábitos hixiénicos da persoa maior mellorándos e formando tanto ó/á ancián como a súa familia na importancia do aseo persoal e no coidado hixiénico como forma de autopercepción saudable.

As actuacións que leva a cabo o persoal de saúde nas sás de aseo persoal son: baño, lavado de mans, lavado de dentes, uso adecuado de vestimenta, etc, indicando ó mesmo tempo como realizar o aseo, qué produtos usar e de qué forma efectuar estas actividades.

5. Atención Psicolóxica

Este servizo pretende, entre outras cousas, favorecer o axuste e adaptación do/a usuario/a ó centro ó seu ingreso, para o que se realizará unha avaliación do seu nivel de funcionamento afectivo e cognitivo.

Entre as actuacións a desenvolver atoparíanse a estimulación intelectual e social para frear o posible deterioro cognitivo que se produce como consecuencia da idade, o tratamento de estados depresivos e ansiosos, a aprendizaxe de habilidades de negociación e conflito ante problemas que se plantexan no centro ou no fogar, a creación dun bo clima de relación entre os/as usuarios/as, asesoramento familiar sobre como actuar ante comportamentos difíciles da persoa maior, etc.

6. Atención Social

Entre os programas sociais que se desenvolverán no centro podemos atopar: Programas de apoio ó ingreso e adaptación do/a usuario/a á vida do centro; Programa de apoio e orientación a familiares, de cara a axudar a ésta na atención adecuada da persoa maior e resolver problemáticas que poidan xurdir; Programas de participación comunitaria promovendo as actuacións do voluntariado e a utilización de dispositivos complementarios ó centro; Programas de inserción social orientados a manter ou favorecer a integración do/a usuario/a no seu medio habitual durante a súa estancia no centro ou a seu cese ou derivación a outro dispositivo.

7. Terapia Ocupacional

Pretende atenuar, na medida do posible, o deterioro psicofísico que se vai producindo co paso dos anos, así como favorecer e manter o maior tempo posible a independencia das persoas maiores nos distintos aspectos da vida cotiá.

Prográmanse diferentes actividades en función do estado físico, anímico e médico dos/as usuarios/as. Entre éstas podemos enumerar: Mellora das Actividades da Vida Diaria (movilidade, aseo persoal, vestido, alimentación...), Terapia Recreativa (diferentes actividades lúdicas de carácter terapéutico), Terapia Funcional (recuperacións físicas), Ergoterapia ou Laborterapia (aprendizaxe dun labor determinado), Terapia Ocupacional de Sostén (mantemento da persoa maior dentro da súa realidade, informándolle e situándolle no momento actual), Psicomotricidade (desenvolvemento das facultades físicas e cognitivas mediante o movemento), Terapia Cognitiva (mantemento das funcións mentais), Tratamento dos movementos anormais (Parkinson, tembrores, etc.).

8. Servizo de Apoio e Intervención con Familias Pretende:

- Ofrece-los medios necesarios para que as persoas que atenden ó maior no seu domicilio sexan capaces de realizar o coidado que éste precisa, centrando esforzos en dotarlles dos instrumentos (resolución de problemas, toma de decisións, habilidades de afrontamento) que lles permitan cumprir satisfactoriamente as funcións de sustento, hixiene, administración de medicamentos, etc.
- Proporcionar apoio emocional para asumir o impacto psicolóxico que supón en moitos casos coidar e atender a unha persoa maior dependente, sobre todo nas situacións nas que aparecen elementos depresivos, ansiosos, desmotivación ou culpabilización.
- Formar á familia en temas relacionados coa atención a estas persoas: enfermidades e discapacidade (características, evolución e pronóstico), actuacións necesarias ante cambios de carácter das persoas maiores, comportamentos adecuados ante situacións problemáticas e difíciles que se podan presentar relacións familiares e comunicación, entre outros.

9. Servizo de Transporte

Este servizo proporciona transporte adaptado para os/as usuarios/as.

A admisión no SED non inclúe a concesión do Servizo de Transporte. Se o/a usuario/a ten concedido o servizo de transporte, adquire o compromiso de acudir, á hora que se lle indicara á parada correspondente á ruta establecida ó efecto.

O servizo de transporte non inclúe os desplazamentos entre o domicilio do/a usuario/a e a parada do vehículo. Se o/a usuario/a precisa axuda para realizar ditos desprazamentos, deberá comprometerse a persoa que o teña ó seu coidado a garantir que recibirá dita axuda e a comunicar quen se lla prestará. Se ó efectuar a parada, a persoa respon-

sable do coidado do/a usuario/a non está presente, o/a usuario/a voltará ó centro no autobús, realizándose a chamada ós familiares para que o recolla.

Se o interesado non solicitara o servizo de transporte, ou non lle fora concedido, éste deberá acceder ó centro polos seus propios medios, non tendo o Concello obriga algunha en canto o seu desprazamento.

ARTIGO 6.—FUNCIONAMENTO

1.—Horario

O Servizo de Estancias Diurnas préstase todos os días laborables do ano no seguinte horario:

O Centro permanecerá aberto de luns a venres en horario de 8,30 a 20,30 h., sendo o horario dos servizos que se prestan de 9 a 20'00 horas.

Os sábados, domingos e festivos do calendario laboral, o Centro permanecerá pechado.

2.—Transporte

O Servizo de transporte préstase diariamente, establecéndose varias rutas en función do domicilio dos/as usuarios/as que asisten ó Centro.

3.—Servizos

- a. Os Servizos de Atención Psicolóxica, Atención Social, Fisioterapia e Enfermería prestaranse diariamente.
- b. O Servizo de Terapia Ocupacional préstase de luns a venres en horario de mañá e tarde.
- c. O Servizo de Atención directa cos/as usuarios/as realízase ininterrompidamente polas auxiliares de xeriatría durante o horario que permanece aberto o centro.

4.—Alimentación

O Servizo de Alimentación préstase todo-los días.

— Almorzo.

— Media mañá (Especial Diabéticos).

— Comida:

— 1ª Quenda para persoas que precisen de asistencia para a súa alimentación (asistidos).

— 2ª Quenda para o resto de usuarios/as

— Merenda.

O importe do Servizo de Alimentación e Nutrición será facturado por separado según os servizos previamente concertados polo/a usuario/a co centro de acordo cos precios vixentes.

Non se aceptarán alimentos que non sexan os servidos polo servizo de cociña ou catering ou polos profesionais de selo caso.

ARTIGO 7.—PARTICIPACIÓN DOS/AS USUARIOS/AS E FAMILIARES NO FUNCIONAMENTO DO CENTRO

O equipo técnico elaborará o programa individual de atención de cada usuario/a, así como o programa de actividades do Centro tomando en consi-

deración as suxestións e aportacións que para a planificación de obxectivos e actividades que aporte o/a usuario/a e os seus familiares.

A tal efecto, estableceranse reunións periódicas ás que se convocará a usuarios/as e familiares, e crearase un sistema de reclamacións e suxestións no que calquera familiar directo, coidador principal, ou usuario/a no caso de manter capacidade para isto, poderá dirixirse verbalmente nas reunións ou ben por escrito en calquer momento, indicando:

- Nome e apelidos.
- Reclamación e suxestións.

Ditas reunións celebraranse como mínimo unha vez a principios de ano, convocaranse con antelación suficiente para que poidan recibirse, e no seu caso incorporar as correspondentes suxestións.

ARTIGO 8.—ASISTENCIA Ó CENTRO E AUSENCIAS DOS/AS USUARIOS/AS

Respecto ás asistencias, o/a usuario/a do SED adquire o compromiso de asistir ó mesmo, no horario e días establecidos ó efecto polos seus propios medios, e/ou a traveso do servizo de transporte se se lle concedera.

Cónsideranse ausencias xustificadas as seguintes:

- Enfermidade do/a interesado/a, dentro dos límites establecidos no art.10, da Ordenanza Reguladora dos Centros de Estancias Diurnas do Concello de Ponteareas.
- Asistencia a consulta médica.
- Enfermidade do coidador que impida a adecuada preparación do/a usuario/a para a súa asistencia ó servizo.
- Vacacións que deberán ser comunicadas con antelación e que non poderán exceder de 60 días ó ano.
- Calquera outra circunstancia xustificada que poida alterar de forma importante a dinámica habitual do/a usuario/a ou a súa familia.

Os/as usuarios/as adquiren o compromiso de comunicar ó centro as ausencias da seguinte maneira:

Cando a ausencia débese a motivos de saúde do/a usuario/a ou da persoa responsable que se ocupe de él, a notificación poderá realizarse de forma verbal, sempre que a súa duración presúmasse de 1 ou 2 días. Se é superior notificárase por escrito.

Cando a ausencia se refira ó disfrute dun período de vacacións, deberá solicitarse mediante escrito á dirección d centro, cunha antelación de ó menos 48 horas.

ARTIGO 9.—COMUNICACIÓNS OBLIGATORIAS DE USUARIOS/AS E FAMILIARES

O/a usuario/a d Servicio de Estancias Diurnas e os familiares comunicarán de forma inmediata ó centro calquer informe ou cambio no seu tratamento médico, normas dietéticas, de hixiene, etc., que lle foran prescritas polo facultativo que lle atende no Sergas.

Igualmente deberán comunicar calquer cambio que se produza na súa situación socio-familiar.

ARTIGO 10.—RÉXIME DE VISITAS

Respecto das visitas que os/as usuarios/as poidan recibir no centro, as normas a seguir son as seguintes:

- Evitaranse as visitas en horario de comedor.
- As visitas dirixiranse á Recepción para que se avise ós/as profesionais e ó/á usuario/a, a fin de manter a adecuada orde.
- Deberase respetar o horario de terapias, para non dificultar o funcionamento da programación individual do/a usuario/a.
- Considérase recomendable que as visitas sexan anunciadas ó centro con antelación.

ARTIGO 11.—RESPONSABILIDADE MUNICIPAL

A responsabilidade municipal na prestación do servizo circunscríbese ás dependencias do Centro de Estancias Diurnas e ás actividades organizadas exteriormente por éste, sendo responsabilidade exclusiva dos/as usuarios/as e dos seus familiares o acceso ó interior do Centro ou ó transporte do mesmo se tenno concedido. Non obstante, o/a usuario/a ou os seus familiares poderán solicitar medios mecánicos adecuados (sillas de rodas) e, excepcionalmente e sen que isto supoña responsabilidade algunha por lesións ou accidentes que poideran producirse, poderá tamén solicitarse a colaboración dalgún profesional do Centro

ARTIGO 12.—DEREITOS E DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS

- Tódolos/as usuanos/as do centro de estancias diurnas gozarán dos seguintes Dereitos:
 1. A acceder ós mesmos e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 2. Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro ou servizo coma dos/as demáis usuarios/as.
 3. Ó sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social.
 4. A realizar saídas ó exterior.
 5. A manter relacións interpersoais, incluído o dereito a recibir visitas.

6. A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
7. A intimidade persoal en función das condicións estruturais dos centros e servizos.
8. A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educacional, cultural e, en xeral a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguilo seu desenvolvemento integral.
9. A deixar de utiliza-los servizos ou a abandonar-lo centro por vontade propia.
10. A asociarse co obxecto de favorecer-la súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

O exercicio dos dereitos sinalados nos parágrafos 4 e 9 poderá ser obxecto de limitación en virtude de resolución xudicial.

— Son Obrigas do/a usuario/a:

1. Cumprir-las normas sobre utilización do centro ou servizo establecidas no regulamento de réxime interior.
2. Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
3. Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sen supoñeren un risco para a súa saúde fin para a finalidade do tratamento, sirvan para mellora-la súa autonomía persoal e participación na vida do centro, de acordo co disposto no regulamento de réxime interior.

ARTIGO 13.—RÉXIME DE FALTAS E SANCIÓN

Sen perxuízo das condutas que poidan ser consideradas incluídas na sintomatoloxía da enfermidade do/a usuario/a, e sobre as que serían de aplicación en todo caso o previsto no capítulo de admisión e baixas da Ordenanza Reguladora do Centro de Estancias Diurnas do Concello de Pontearreas, os/as usuarios/as ou familiares que por acción e omisión causen alteracións no Centro, perturben o réxime de convivencia do mesmo, falten ó respecto ós/ás demais usuarios/as, familiares ou persoas que por calquer motivo se atopen alí serán responsables dos danos e perxuízos causados, sen perxuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incurrir e que lles sexa esixida ante ós Xulgados e Tribunais competentes.

1.—Faltas leves, graves ou moi graves.

— Son faltas leves:

- a. A falta de respecto ós/ás usuarios/as do Centro ou familiares e persoas que se atopen en él por motivos xustificadas.
- b. O descuido ou negligencia no uso das instalacións, enseres e mobiliario do Centro.
- c. Promover e orixinar altercados violentos.

d. Entorpece-las actividades que se desenvolvan.

— Son faltas graves:

- a. A reiteración de faltas leves, previamente sancionadas, durante un prazo de seis meses.
- b. O menosprezo manifesto e as injurias ou calumnias respecto ás persoas que se atopen no Centro.
- c. Producir danos graves, intencionados ou por negligencia inexcusable, nas instalacións, mobiliario ou enseres do Centro.
- d. Realizar actividades con fins lucrativos.
- e. Actuar fraudulentamente en perxuízo do Centro e dos/as demais usuarios/as.

— Son faltas moi graves:

- a. A reiteración de faltas graves, debidamente sancionadas, entendéndose por tal a acumulación de dous ou máis no intervalo de tres meses.
- b. As agresións físicas ás persoas que se atopen no Centro de Día.

2.—Sancións.

As faltas anteriormente mencionadas castigáranse coas sancións seguintes:

— Faltas leves:

- a. Amonestación verbal privada.
- b. Amonestación individual por escrito.

— Faltas graves:

- a. Prohibición de acceso ó Centro por un período non superior ós 3 meses.

— Faltas moi graves:

- a. Prohibición de acceso ó centro por un período de entre 3 meses e 1 ano.
- b. Pérdida definitiva da condición de usuario/a.

3.—Consideracións para o reingreso.

Trala suspensión de praza motivada pola acumulación de sancións, o seu reingreso virá determinado polo índice de ocupación efectiva que en cada momento presente o centro.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de quince días ó que se refire o art. 65.2, da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, previa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ORDENANZA REGULADORA DA RESIDENCIA “SANTA ANA” DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ARTIGO 1.—FINALIDADE E AMBITO DE APLICACIÓN

A presente Ordenanza ten por finalidade regular a Residencia de Maiores “Santa Ana” pertencente